Nº7. Ano 2019

VERTIXE SONORA

VII FESTIVAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA

PROMOVE:

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2021

vertixe sonora

COLABORA:

CONCELLO DE VIGO
Vivimos nunha cidade fermosa

Proyecto financiado por el Fondo Nacional de Desarrollo Cultural y las Artes (FONDART) 2019.

sacem
Société des Auteurs, Compositeurs et Éditeurs de Musique

ÍNDICE

pax. 1 PRESENTACIÓN

pax. 3 PROGRAMACIÓN CONCERTOS

pax. 4 EN RUTA

DERIVA

pax. 5 CARTOGRAPHY OF PERIPHERAL SPACES

pax. 6 BRUMARIO

pax. 7 CORAXE

En paralelo

pax. 10 Sobre Vertixe Sonora

Grupo de Investigación
DX7 Tracker Laboratorio Visual
Universidade Vigo

vertixe sonora

Cinco citas coa música contemporánea ao vivo e múltiples accións e actividades creativas no **7º Festival Vertixe Sonora de Creación Musical Contemporánea** en diferentes espazos de Tui, Valga, Padrón, Pontecesures e Vigo. Do 29 de setembro ao 12 de novembro de 2019 desenvolveremos cinco encontros nunha edición nas que se reforzan os nosos vínculos con Portugal.

Porque é esa precisamente a principal novidade do festival en 2019, que suma a creación musical dos nosos días á visibilidade do camiño portugués a través do ciclo EN RUTA. Este é un proxecto específico, dentro do festival, cofinanciado pola Xunta de Galicia, a través do programa "O teu Xacobeo". Un itinerario que se iniciou en Lisboa e Porto cos programas "Migracións II" e "Migracións III" en maio e xullo e chegará agora a Vigo, Tui, Valga, Padrón, Pontecesures… Outra forma de camiño, o da vangarda sonora. Porque Vertixe asume tamén na súa propia identidade esa longa travesía de confraternidade na unión de Galicia e Portugal co resto do continente europeo.

EN RUTA é o ciclo co que arranca o sétimo Festival Vertixe Sonora o 29 de setembro en Tui. Tempo, lugar, movemento e son a través do espazo, que conectan na nosa experiencia a idea da viaxe. Camiño, logo son: camiño, ruta, viaxe, odisea. Metáforas antigas e poderosas.

Ao longo do festival presentaranse **dezaseis estreas absolutas de compositoras e compositores** que remarcan a unión natural de música e transmisión de cultura enmarcadas no Camiño portugués, adaptadas aos medios e tecnoloxías contemporáneas. Unha actualización dos músicos e poetas, homes e mulleres que transitaron estes carreiros dende a Idade Media.

O festival inaugúrase en Tui o 29 de setembro con toda a simboloxía do Camiño Portugués e a súa significación como viaxe físico e espiritual transformador, lugar de encontro entre culturas e símbolo transnacional de unidade europea nas novas creacións de Cristián Morales (Chile), Yuko Ohara (Xapón), Alexander F. Müller (Alemaña) e Fernando Munizaga (Chile). O concerto terá lugar na Igrexa de San Domingos de Tui, que conta cos extraordinarios retablos barrocos con imaxes de santos dominicos e da batalla de Lepanto. Este primeiro concerto será conducido polo director Miquel Bernat.

"Deriva" reivindica a figura de María Balteira no Auditorio Municipal de Valga o 7 de outubro. Porque se ben a importancia do canto como vehículo de comunicación no camiño desde o século XII está documentada, "pouco sabemos das trobairitz, mulleres poetas do século XII. Cuias achegas quedaron reducidas a anécdotas históricas e raras veces se recolleron na historia da literatura medieval". Nesta ocasión, a través da evocación dun camiño percorrido, tal vez dunha busca, algo transformador da contorna, un vagabundeo, unha deriva (die Wanderung)". Este concerto, servirá ademais para a presentación do CD "Lula Romero Portrait" (WERGO) da serie "Edition Zeitgenössische Musik" producido por Deutsches Musikrat. As obras de Victoria Cheah e Katharina Rosenberger, completan a proposta para Valga.

Co apoio do Concello de Vigo magníficas escollas no mes de outubro: Por unha banda o programa “Reverse Tracking Shot”, con cinco estreas mundiais multimedia. Por outra o espectáculo de danza do coreógrafo Javier Martín, que presenta “Brumario” iniciativa exploradora da vibración e que conta cun novo estudo de Feedback de Ángel Faraldo.

O Festival Vertixe Sonora continúa con “Coraxe”, un concerto do ciclo EN RUTA, que terá lugar en Padrón o 12 de novembro. A valentía, determinación e coraxe nas dificultades que representa o camiño e a idea de resiliencia e superación para continuar adiante inspiran as novas composicións de Ángela da Ponte (Portugal), Filipe Lopes (Portugal) e Pablo Vergara (Chile). As pezas serán estreadas na Igrexa de Santiago de Padrón, un espazo de enorme simbolismo na tradición xacobea.

Accións sonoras, conversas coas compositoras e os compositores amais de sesións cos centros escolares dan maior sentido a un festival que procura o fomento e a creación de públicos novos. Cunha fórmula na que a creación contemporánea e a tradición van da man. Unha proposta innovadora, internacional, que parte ademais do diálogo coa viciñanza poñendo en valor a efervescencia e fluxo constante de persoas ao longo das rutas, e implica á xente local a crear un imaxinario sonoro das súas vilas.

Coa comunidade educativa levaranse a cabo accións sonoras co alumnado de centros educativos de Tui, Mos, Pontecesures, Redondela e Vigo algunhas tan prometedoras como “Teselación”, creación dun pavimento de circuitos electrónicos, “Túnel de trinos”, a partir dos rexistros ornitolóxicos, “Ánimas”, ao redor da presenza de “aparecidos” no Camiño ou “Nervaduras” instalación sonora que reflexiona sobre a intelixencia múltiple das estruturas vexetais e a súa capacidade adaptativa.

7º Festival Vertixe Sonora de Creación Musical Contemporanea

Tui, Valga, Vigo, Padrón (diferentes espazos)

29 de setembro a 12 de novembro, 2019

PROGRAMACIÓN CONCERTOS
Entrada libre até completar aforo

Concerto 1
Domingo 29 de setembro 18:00 h. | Igrexa de San Domingos, Tui
EN RUTA Vertixe Sonora
En Ruta. Proxecto beneficiario do programa O teu Xacobeo

Concerto 2
Luns 6 de outubro 19:30 h. | Auditorio Municipal, Valga
DERIVA Vertixe Sonora
En Ruta. Proxecto beneficiario do programa O teu Xacobeo

Concerto 3
Sabado 26 de outubro 18:00 h. | Auditorio Martín Códax, Vigo
CARTOGRAPHY OF PERIPHERAL SPACES Vertixe Sonora

Concerto 4
Domingo 27 de outubro 13:00 h. | Auditorio Martín Códax, Vigo
BRUMARIO Javier Martín

Concerto 5
Martes 12 de novembro 20:00 h. | Igrexa de Santiago, Padrón
CORAXE Vertixe Sonora
En Ruta. Proxecto beneficiario do programa O teu Xacobeo

Domingo 29 de Setembro de 2019 18:00 h | Igrexa de San Domingos, Tui
EN RUTA

Toda a simboloxía do Camiño Portugués e a súa significación personal están presentes nas catro pezas encomendadas por Vertixe Sonora aos compositores Cristián Morales (Chile), Yuko Ohara (Xapón), Alex Müller (Alemaña), Fernando Munizaga (Chile.) Programa:

Programa
FERNANDO MUNIZAGA (Chile, 1986) *Ondas terciarias** (2019)
arpa solista, violín, viola, violonchelo, contrabaixo, guitarra eléctrica, piano, percusión

YUKO OHARA (Xapón, 1977) *The dimensional space** (2019)
frauta, saxofón, trompeta, trombón, acordeón, guitarra eléctrica, violín, viola, violonchelo, contrabaixo, piano, percusión

ALEXANDER F. MÜLLER (Alemaña, 1987) *If there' no one else to blame** (2019)
frauta, saxofón, trompeta, trombón, acordeón, violín, viola, violonchelo, contrabaixo, arpa, piano, percusión

CRISTIAN MORALES OSSIO** (Chile, 1967) *FUNA** (2019)
clarinete contrabaixo solista, frauta, saxofón, trompeta, trombón, acordeón, guitarra eléctrica, violín, viola, violonchelo, contrabaixo, piano, percusión

* Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora

VERTIXE SONORA
Miquel Bernat *director*
Álvaro Zegers** *clarinete contrabaixo*
Angélica V. Salvi *arpa*

Clara Saleiro *frauta* | Pablo Coello *saxofón* | Carlos Cortés *trompeta* | Iago Rios *trombón* | María Mogas *acordeón* | Rubén Barros g*uitarra eléctrica* | Mario Peris *violín* | Cristina Santos *viola* | Ailsa Lewin *violonchelo* / Carlos Méndez *contrabaixo* | David Durán *piano* | Diego Ventoso *percusión*

Venres 14 de outubro de 2019 19:30 h. | Auditorio Municipal, Valga
DERIVA Vertixe Sonora
“Deriva” reivindica a figura de María Balteira no Auditorio Municipal de Valga o 7 de outubro. Porque se ben a importancia do canto como vehículo de comunicación no camiño desde o século XII está documentada, “pouco sabemos das *trobairitz*, mulleres poetas do século XII. As achegas destas artistas quedaron reducidas a anécdotas históricas e raras veces se recolleron na historia da literatura medieval”.

Evócase aquí o percorrido, tal vez dunha busca, algo transformador na contorna, un “vagabundeo”, unha deriva (die Wanderung) por distintas situacións. Ideas de espazo compartido, que cambian co significado persoal construído a partir das experiencias temporais. Este concerto

servirá ademais para a presentación do CD Lula Romero Potrait (WERGO) da serie "Edition Zeitgenössische Musik" producido por Deutsches Musikrat. Inclúe o ciclo die Wanderung gravado por Vertixe Sonora nos estudos Deutschlandfunk de Colonia.

Programa

VICTORIA CHEAH (Estados Unidos, 1988) Unlike last month but like past years and next July(2018)
saxofón, piano, percusión
LULA ROMERO (España, 1976) *Die Wanderung* (2017)
instrumentos e electrónica en vivo

KATHARINA ROSENBERGER (Suiza, 1971) *blur** (2019)
frauta, saxofón, violín, violonchelo, guitarra eléctrica, piano, percusión

*Estrea nova versión. Encomenda de Vertixe Sonora.

VERTIXE SONORA [intérpretes neste concerto] Clara Saleiro *frauta* | Pablo Coello *saxofón* | Nerea Rodríguez *acordeón* | Tomas Piel *violonchelo* | Angélica Vázquez *arpa* | Rubén Barros *guitarra eléctrica* | Lula Romero *electrónica*

Sábado 26 de outubro 18:00 h. | Auditorio Martín Códax Conservatorio Superior de Música, Vigo
CARTOGRAPHY OF PERIPHERAL SPACES Vertixe Sonora
Cinco estreas absolutas para esta programación multimedia.

Programa
JEREMÍAS ITURRA (México) *Reverse Tracking Shot* (2015)*
frauta, saxofón, violín, violonchelo, piano

CAMILO A. MÉNDEZ (Colombia) *Cartography of Peripheral Spaces*** (2019)
frauta, saxofón, fagot, violín, violonchelo, piano, percusión

JUAN CAMILO HERNÁNDEZ[1] (Colombia) *Título por determinar*** (2019)
frauta, saxofón, violín, violonchelo, piano, percusión, electrónica

SAMI KEMOLA (Finlandia) *Título por determinar*** (2019)
frauta, saxofón, fagot, violín, violonchelo, piano, percusión, electrónica

IVÁN FERRER (México) *Estrépito* (2019)
frauta, saxofón, violín, violonchelo, piano, percusión, electrónica

*Estrea nova versión
**Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora
[1]Co apoio de SACEM

VERTIXE SONORA Clara Saleiro *frauta* | Pablo Coello *saxofón* | David Arroyos *fagote* | Kiyoko Ohashi *violín* | Ailsa Lewin *violonchelo* | David Durán *piano* | Diego Ventoso *percusión* | Ángel Faraldo *electrónica*

Domingo 27 de outubro, 12h | Auditorio Martín Códax
Conservatorio Superior de Música, Vigo
BRUMARIO Javier Martín

BRUMARIO é un proxecto de investigación e creación en código aberto, versado nos rigores da improvisación a nivel de son e movemento. Cunha marcada identidade artística que aposta pola produción local de coñecemento, este encontro entre Vertixe Sonora e o coreógrafo Javier Martín busca desenvolver un concerto performativo baseado no concepto de vibración como lugar que atravesa e conforma ambas disciplinas. Mantendo unha metodoloxía de traballo en contacto co público, búscase que a creación aflore nun contexto participado pola crítica, á vez que se crea un contexto subxectivo para o seu coidado.

Programa

HEATHER STEBBINS *(Canadá, 1987) Ursa Major (2017)*

VERTIXE SONORA + JAVIER MARTÍN *Improvisacións a partir do Feedback*

JAVIER MARTÍN *artes do movemento*

VERTIXE SONORA Pablo Coello *saxofón* | David Durán *piano* | Diego Ventoso *percusión* | Ángel Faraldo *electrónica*

JAVIER MARTÍN
Coreógrafo e artista contemporáneo da Coruña, desenvolve proxectos de investigación de corte epistemolóxico en torno ás artes do movemento que atopan as súas fugas en distintos desbordamentos discursivos e as súas aplicacións. A creación estética, escrita, conferencias-performativas, procesos de obra acompañados de laboratorios e grupos de investigación, intervención de itinerarios formativos en distintas universidades ou a organización de seminarios, son terreos nos que atopamos a Javier Martín.

Con máis de 10 anos de traxectoria profesional, estreou máis de trinta pezas en distintas partes do mundo, establecendo sinerxías creativas con artistas de diferentes disciplinas, como o pianista ruso Oleg Karavaichuk no Proxecto Symptoma; o fotógrafo e cineasta Tono Mejuto na película de cine-danza Qviasma, co escultor Joaquin Jara EN SOMA. En 2017, o Museo Uiversidad de Navarra publicou “Javier Martín.Cuaderno de creación”, o primeiro monográfico sobre o seu traballo artístico.

Venres 12 de novembro de 2019 20:00 h. | Igrexa de Santiago, Padrón
CORAXE Vertixe Sonora

A valentía, determinación e coraxe na dificultade, e a idea de resiliencia inspiran as novas composicións de Ángela da Ponte (Portugal), Filipe Lopes (Portugal) Pablo Vergara (Chile) e Theocharis Papatrechas (Grecia)

Programa
ÁNGELA DA PONTE (Portugal) *Título por determinar** (2019)
frauta, contrabaixo, electrónica

FILIPE LOPES (Portugal) *Título por determinar** (2019)
frauta, contrabaixo, electrónica

PABLO VERGARA (Chile) *Título por determinar** (2019)
frauta, contrabaixo

JUAN PABLO CARREÑO[1](Colombia) *Lilas* (2012)
frauta amplificada

THEOCHARIS PAPATRECHAS (Grecia) *Título por determinar*** (2019)
contrabaixo, electrónica

ÁNGEL FARALDO (España) *FLTLF Estudo de feedback #7* (2019)
frauta e electrónica

[1]Co apoio de SACEM

VERTIXE SONORA [Intérpretes neste concerto] Clara Saleiro *frauta* | Kathryn Schulmeister *contrabaixo* | Ángel Faraldo *electrónica*

+ FESTIVAL VERTIXE SONORA 2019
En paralelo: actividades ao redor do Festival Vertixe Sonora de Creación Musical Contemporánea 2019.

1 - AGUZAR O OÍDO 2 – ALÉN. Obradoiros instrumentais de música contemporánea 3 - DA ARTE SONORA E DA MÚSICA CONTEMPORÁNEA 4 - ACCIÓNS SONORAS 5 – MÚSICAPORDENTRO 6 - CONCERTOS PARA ESCOLARES 7- LUTHERÍA EXPERIMENTAL

En colaboración co Conservatorio Superior de Música de Vigo, Conservatorio Profesional de Música de Vigo, Conservatorio Profesional de Música de Tui, Academia de Música Fortaleza de Valença e Asomúsica.

1. AGUZAR O OÍDO. Presentacións

6ª edición do curso AGUZAR O OÍDO, proposta de divulgación de música contemporánea e arte sonora. Desenvolveranse tres sesións, nas datas indicadas, dirixidas polo crítico de mundo clásico Paco Yáñez que darán comezo xusto antes do inicio de cada un dos concerto no espazo correspondente e terán unha duración de 20 minutos.

Sesión 1
Domingo 29 de setembro 18:00 h. | Igrexa de San Domingos, Tui

EN RUTA Vertixe Sonora
Sesión 2
Luns 6 de outubro 19:30 h. | Auditorio Municipal, Valga
DERIVA Vertixe Sonora
Sesión 3
Martes 12 de novembro 20:00 h. | Igrexa de Santiago, Padrón
CORAXE Vertixe Sonora

2. ALÉN 2019. Obradoiros instrumentais de música contemporánea

Venres 27 de setembro | Conservatorio Profesional de Música de Tui
1. ALVARO ZEGERS O clarinete por explorar
Horario 17:00-18.00

Venres 27 de setembro | Conservatorio Profesional de Música de Tui
2. MIQUEL BERNAT Estudos de Concerto para Marimba
Horario 19:00-20.00

3. DA ARTE SONORA E DA MÚSICA CONTEMPORÁNEA Conferencias

Venres 27 de setembro | Conservatorio Superior de Música, Vigo
1. ALEXANSER F. MÜLLER, PABLO VERGARA, CRISTOBAL MORALES OSSIO e **ÁLVARO ZEGERS**
Horario 10:00-14:00

Sábado 26 de outubro | Conservatorio Superior de Música, Vigo
2. JAVIER MARTÍN A obra como proceso
Horario 10:00-14:00

4. ACCIÓNS SONORAS

Novembro (data por determinar). Tui
TESELACIÓN con Buzz
Horario 10:00-14:00
Creación dun pavimento con circuitos electrónicos a partir da repetición de estruturas xeométricas.
Buzz está formado por Mateo Mena, artista sonoro, e Ramón Souto, compositor
Outubro e novembro | Colexio Plurilingüe San José de la Guía, VIGO
NERVADURAS con Blanca Viñas e Miguel Pipa
Instalación sonora realizada cos materiais de refugallo e elementos da natureza atopados nun tramo do camiño portugués. Tempo, lugar, movemento e son a través do espazo, que conectan a nosa experiencia de vida e a idea da viaxe. Nervadura reflexiona sobre a intelixencia múltiple das estruturas vexetais e a súa capacidade adaptativa. Está deseñada para a manipulación por cativos.
Desenvolvida coa participación do alumnado do Ciclo Superior de Educación Infantil San José da Guía.

Blanca Viñas traballa na creación de instalacións artísticas como espazos de xogo

para rapaces. Miguel Pipa está interesado na experimentación e exploración da música eletrónica a partires do uso de hardware como o Hacking, o Circuit-Bending, o D.I.Y., o Noise, o Glitch e o uso de obxectos do cotiá como fonte sonora.
Colaboran Ignacio Barcia e Ramón Souto.

Outubro (data por determinar). Pontecesures
ÁNIMAS con Alejandra Pombo

Retomando historias de aparecidos ao longo do camiño, Alejandra Pombo, explora nesta intervención a idea de "presenza" dende diferentes enfoques performativos: camuflaxe (observar-ser observado), reflexión (interior-superficie), privada e pública, intimidade e distancia. Dende 2010, o seu traballo artístico está orientado á experimentación coa imaxe en movemento e realiza obras que consisten en actuacións que se poden ver e realizar para a cámara. "Nada do que entendo atrápame só aquelo que non entendo ten ese poder sobre min" Mary Ruefle.

Alejandra Pombo móvese entre performance, poesía e experimentación coa imaxe en movemento. Licenciouse en Artes Visuais na Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense de Madrid.

Novembro (data por determinar). Mos
TÚNEL DE TRINOS con Loreto Martínez Troncoso

Acción sonora baseada no estudo ornitolóxico dos diferentes cantos de paxaros que podemos escoitar ao longo do Camiño Portugués inspirada na seguinte cita de Tomas Tranströmer "no túnel dos trinos de paxaro ábrese unha porta"

Loreto Martínez Troncoso é artista de performance e docente na Ecole Supérieur d'Art et Design de Valence

MÚSICAPORDENTRO19
Proxecto de achegamento ao feito sonoro para Primaria e Secundaria.
Gratuíto até completar capacidade por riguroso orde de inscrición.
***+ info** e inscricións en: info@vertixesonora.net*

CONCERTOS PARA ESCOLARES
Pases especiais para centros escolares

Luns 6 de outubro 12:30 h. | Auditorio Municipal, Valga
DERIVA Vertixe Sonora

Martes 12 de novembro 12:30 h. | Igrexa de Santiago, Padrón
CORAXE Vertixe Sonora

LUTHERÍA EXPERIMENTAL con Mateo Mena
Datas por determinar

Sobre Vertixe Sonora

Vertixe Sonora ten unha ampla traxectoria na dinamización do ecosistema musical europeo, favorecendo o intercambio e a cohesión a través da música máis actual e innovadora. A súa dilatada experiencia nese rol inclúe ciclos e actividades culturais de toda índole nos principais centros de referencia en artes contemporáneas en Galicia e fóra dela. Algunhas das actividades consolidadas desta agrupación son os ciclos de música e arte “Correspondencias Sonoras" do Centro Galego de Arte Contemporánea, os seminarios de música, ciencia, arte e pensamento contemporáneo “Do Audible" apoiados pola Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, o Festival MIHLSonsXXI na cidade de Lugo e o Festival Internacional de Creación de Música Contemporánea Vertixe Sonora, todos grandes contribuíntes da renovación do panorama musical da nosa Comunidade.

Premio Martín Codax 2016 de Música clásica contemporánea, ha realizado 135 estrenos absolutos de compositores de 32 países. En España llevó su repertorio a la Mostra Sonora de Sueca, Festival XXXVI Encontre Internacional de Compositores en Mallorca, Ciclo BBVA de Música Contemporánea de Bilbao, Festival SON de Madrid, Festival SMASH de Sansebastián, Festival Bernaola de Vitoria, ensemble residente del Festival MIXTUR de Barcelona y en el XXVII Premio Jóvenes Compositores Fundación SGAE_CNDM 2016 en el Auditorio 400 del Museo Nacional del Centro de Arte Reina Sofía.

O seu recoñecemento e redes internacionais tenlle permitido a Vertixe estar presente no Festival Oh Ton de Oldenburg (Alemaña), Festival Electr()cution de Brest (Francia), Levande Musik en Goteburgo e no Samtida Musik de Estocolmo (Suecia), Festival Síntese en Guarda e Castelo Branco (Portugal), Festival de Música Nova de Monterrey (México), o CSUF New Music Series do Meng Fall Fullerton en California (EUA) ou seres *ensemble* residente do Festival SoundSCAPE de Cesena (Italia). O 2019 segue alongando a lista e lévaos ao Festival Callejón del Ruido en Guanajuato (México), ao Festival Música Viva en Lisboa (Portugal) e até as cidades de Basilea (Suíza), Oporto (Portugal) e Estrasburgo (Francia).

A súa labor foi recollida nos documentais *Correspondencias Sonoras* (2013) de Manuel Del Río e *Sonutopias* (2014) do campUSCulturae da Universidade de Santiago de Compostela. Gravou para o sello WERGO o ciclo *Die Wanderung* da compositora Lula Romero, e recentemente gravaron na ciudade de Oporto un CD monográfico sobre o compositor mexicano Víctor Ibarra para o sello NEOS.

Vertixe Sonora realiza unha difusión no exterior do Xacobeo a través de conciertos en México (Guanajuato, Festival Callejón del Ruido), Portugal (Lisboa, Festival Música Viva; Oporto, concerto e gravación CD para sello NEOS), Valencia (Festival ENSEMS), e próximamente Madrid (Teatro Galileo), Mallorca (ciclo PHONA) e Suiza (Basilea, Museo Tinguely).

Comunicación Vertixe Sonora:
comunicacion@vertixesonora.net
www.vertixesonora.net
@vertixesonora